

“Que o mundo do mar sexa invisíbel é unha gran estafa”

Cando fala de *Contos do mar de Irlanda* (Xerais), o escritor e músico Xurxo Souto entusiásmase co tesouro que transmite neste seu novo libro, esa épica do mar que non tivemos e que, ao seu ver, nos corresponde. *Terrícola* mais virado cara ao mar, Xurxo Souto asina un libro no que se aprezen as súas marcas, a reivindicación de personaxes anónimos, a descuberta de historias, a enerxía e a emoción e unha capacidade para comunicar case sen límites.

Carme Vidal 18 de setembro de 2014

<https://www.nosdiario.gal/articulo/cultura/mundo-do-mar-sexa-invisibel-gran-estafa/20170616140624058646.html>

-Libro de narrativa máis vendido do verán e máis de trescentas persoas nalgunha das presentacións. Que ten *Contos do mar de Irlanda* para chamar así á xente?

-Na presentación, os verdadeiros protagonistas son os mariñeiros, os patróns. Vívese unha emoción compartida. En Corrubedo, poño por caso, o protagonista do acto foi o patrón José Graña, a quen lle cantamos un corrido colectivo. Nese acto unha muller levantouse e dixo que aquilo non era unha homenaxe a Graña senón a todas as mulleres e homes do mar de Corrubedo. Encantoume.

Parece que todo está inventado mais todo está por facer, tamén na difusión do libro. Cando me dixeron que ía saír no mes de xullo pensei que o lóxico era agardar a setembro para presentalo mais o que aconteceu é que a xente do mar volve ás ribeiras no verán. Son lugares aos que normalmente non se levan actos literarios e teñen unha vida emocional e cultural extraordinaria. A todas esas vilas fun reclamado polas historias que conto, Corrubedo, Corme, Bueu... porque alí estaban eles, os protagonistas do libro. Presentar un libro en Compostela ou A Coruña é magnífico mais nestas vilas do mar convértese nun gran evento se o protagonista é do lugar. A emoción compartida dos veciños é única.

-Como recibe a xente do mar a súa historia contada por, como di vostede, un “terrícola”?

-Percibo orgullo, emoción e a necesidade de seguir falando. Reivindico a frase do Machín de Ribeira que di que “as cousas do mar non se contan na terra, a miña palabra queda no peito” e o certo é que, ao principio, pensas que a xente do mar ten a protección gremial de non querer que conten os que non saben. Logo decátaste de que están certos de que as súas aventuras, o seu traballo, non nos interesa aos terrícolas porque o mundo do mar é invisíbel. Cando ven que a súa poesía é valorada provócase unha catarse emocional. Os terrícolas temos que demostrarlle á xente do mar que nos interesa o seu mundo e que sabemos que eles son a base da nosa sociedade, do que somos, porque até agora non existiron para nós.

-Como foi ese encontro seu co mar?

-Todos temos unha relación evocadora co mar. Eu son da Coruña e o mar estaba alí, ao meu carón. Aos poucos funme interesando e atopando historias. No comezo era un interese evocador, sentimental, e dinme conta de que con esa curiosidade estábame revelando contra unha gran estafa. O mar, que é central, estaba oculto e ninguén nolo contaba. Galiza é a mellor potencia europea, da ruta que pasa por diante da nosa costa só aparece o negativo, as mareas negras. No ensino, na educación, o mar non existe. Hai que rebelarse contra esta situación. Outros países teñen unha épica do mar e nós carecemos dela. Ten moito a ver estar nun Estado que ten a capital tan lonxe do mar. Temos que ser ambiciosos mesmo coas institucións autonómicas. Non abonda contar cunha consellaría de Pesca, cumpría unha vicepresidencia que englobara o transporte marítimo e interior nas rías, a construción naval... Precisamos esa soberanía. O Estado está despistado das cousas do mar. Ou facémolo nós ou seremos moi pobres no futuro.

-Nun correo electrónico un galego, Fran, dille desde Manchester, que nas tabernas hai argumentos que darían para a obra de calquera artista até a súa xubilación. Dou por feito que comparte a opinión...

-Así é. Como terrícola o sistema é preguntar moito, aínda que sen insistir, neses lugares de intercambio que son as tabernas, os contextos lúdicos. Á xente da terra ninguén nos fala do mar, só cando hai algún naufraxio. Mais eu non gosto da mística dos naufraxios. O mar é o que nos dá a vida. As condicións da vida nos barcos son moi duras, semella que están a convivir cunhas magnitudes que os superan mais tamén están cargados de creatividade e vida. Alí xorde alta poesía, como a de Serafín Mourelle.

-Arredor do que di, a pasada semana, falando de mar e literatura, o escritor Xabier Queipo comentaba que vostede crea unha épica e no mar hai tamén historias duras e case non confesábeis para sobrevivir. Esquece a mantenta eses relatos?

-Ten razón Queipo. As condicións no mar non son só duras, senón ás veces tamén de violencia. Cando o golpe militar desaparecen os grandes sindicatos do mar en Bouzas e na Coruña e, sen seguridade laboral, a xente subiu ao Gran Sol nas peores condicións. Ou pescabas ou pescabas.

Que haxa unha parte dura, mesmo escatolóxica, non significa que non apareza esa outra dimensión do ser humano. Rebélome contra o realismo suxo elemental.

-Vostede recolle escritos de mariñeiros, en especial o de Manuel Martínez Santomé, que valor ten esa literatura escrita polos protagonistas?

-É a proba do que digo. Anos setenta, situacións complicadísimas nos barcos, tan duras que ás veces mesmo durmían vestidos para comezar a manobra en calquera momento. Santomé fai entón o relato dunha marea do Gran Sol, un documento marabilloso que el tivo a necesidade de escribir. Nos barcos líanse novelas de Marcial Lafuente Estefanía ou revistas porno mais tamén hai estes escritos do mar. Con Santomé, que era músico, descubrimos a existencia dos gaiteiros do mar, un mundo descoñecido polas propias persoas do gremio. Reivindico Xosé Iglesias, autor de *Transfusión oceánica*, o poeta de Cee que foi patrón e logo mercou un barco de baixura para pescar na ría. Non fai descrición, como acontecía con Novoneyra e o Caurel, o océano defíneo a el, trátase de alta poesía do mar. Dáselle menos valor polos prexuízos mais é un fito na literatura galega.

-Como el, os percebeiros Paco Souto ou Suso Lista, do mar á escrita...

-A potencialidade estética do mar é absoluta. O realismo máxico de Álvaro Cunqueiro non se trata de contar trucos senón de ser consciente de que vivimos en magnitudes que nos superan. Paco Souto, grande poeta, acabou sendo percebeiro e convive en plenitude coa natureza. Suso Lista con *Salseiros* transmite a emoción da persoa co seu labor.

-Tamén á contra, escritores que foron ao mar como Valentín Carrera, Xabier Queipo, Jacobo Barros ou Xabier Paz e escribiron as súas experiencias.

-*Os ausentes de Castelton* de Jacobo Barros foi reveladora. Todo está nesa novela, a dimensión astral do ser humano. A violencia, a tensión, a condición humana. As novelas de Xabier Paz teñen alento e fondura, como as de Queipo ou Carrera. Eu optei por escribir do mar desde a miña condición terrícola. Defendo que non é imprescindíbel subir a unha marea do Gran Sol para contar historias do mar.

-A verdade é que agardaba unha presenza dominante do mar da Coruña e sorprendeume a atención aos mariñeiros de Vigo, do Berbés ou do Morrazo. O mar non sabe de localismos?

-Desde o mar, a Coruña e Vigo son a mesma cidade. Como dicía Steffan Morling, “Galiza non é o fin da Terra, é o centro do mar”. Son os caciques de Vigo e a Coruña os que separan porque as cidades están unidas e por iso as dúas son protagonistas. Á Coruña subiron moitos patróns de Vigo e a Vigo viñeron moitos da Coruña, é algo común entre as dúas cidades. Bouzas, no mundo do mar, é cousa aparte. Son pioneiros. A Coruña, Vigo, Cee, Celeiro, Ribeira... teñen que traballar en conxunto, como perspectiva estratéxica para aproveitar toda a potencialidade do mar. Podemos ser pioneiros en pesca sostíbel e para iso cómpre acudir a quen máis sabe, os nosos mariñeiros. Ante a visión provinciana, Galiza é país cosmopolita. Serafín Mourelle, Lito de Pinténs ou os nosos avós andaron polo mundo e iso temos que poñelo en valor. É unha forma de coñecemento. Roubáronnos un patrimonio magnífico cando o océano está sempre aí. É o noso tesouro.

-O mar rodea a súa biografía mais, como chegaron as historias? De maneira natural ou foi na súa procura?

-Como músico visitei moitas vilas e falei con moita xente e as historias foron sumándose. Tamén no traballo na radio, en distintos programas. Só houbo despois que darlle corpo. A escrita deste libro partiu do documento que Martínez Santomé me pasou un día. Comecei a escribir en espiral ao seu arredor e tentei facelo de maneira honesta. Acontecía que, por exemplo, Irlanda é central na cultura galega, case unha obsesión, mais ninguén lle preguntara aos mariñeiros, que eran os que de verdade a coñecían. Aí estaba o paradoxo, como o mar se virara invisíbel para os terrícolas.

-Agora que se pon diante dos mariñeiros dos que escribe, como responden? Notan que é un dos seus? Precisou para iso documentarse moito?

-Non teño ningún tipo de capacitación náutico pesqueira para falar destes temas. Documenteime, claro está, mais non quixen ser especialista. Rénxeme cando se abusa dos coñecementos. Optei por non excederme nun léxico propio. Quixen falar con propiedade mais non como alguén que coñece polo miúdo o mundo do mar. O que máis me custou foi mirar con ollos submarinos o Gran Sol, coñecer a súa xeografía, e foi Xosé Carrillo quen me deu unha clase rápida. Quixen que o libro posibilitara unha lectura fluída.

-E a presenza da música?

-Diante da literatura do mar que é de naufraxio, quería que fose un libro de música. Paréceme fantástico que sexa alegre. Somos un pobo de artistas e non pode haber celebración sen música. Ás presentacións vou sempre con acordeón e botámoslle unhas pezas.

-Palabras como “brava” ou “bravú” aparecen en repetidas ocasións nun libro que semella tamén moi persoal. É xa unha maneira de facer, digamos que ao *xurxosouto*?

-Non era consciente de que iso acontecía. O bravú é música do noso tempo mais co cheiro de onde somos. Iso é o que quixen facer no libro. Cunha mirada desde a ribeira, mostrar que no mar non hai fronteiras, que somos cosmopolitas que fomos sumando xeografías. Cando foi a presentación de *Non temos medo* de Rodri Suárez en Vigo, o crítico Ramón Nicolás falou unha das características da literatura bravú que me gusta especialmente: a reivindicación dos personaxes anónimos. Detrás do teu veciño ou veciña hai unha historia marabillosa. Para min é unha sorpresa constante e unha necesidade. Isto está presente en *Contos do mar de Irlanda*.

-Mais tamén outras “marcas da casa”, frases cortas, con ímpeto, moita enerxía, emoción intensa e conexión directa co público, neste caso, lector.

-Para min, cando a escrita ten esa música frenética entendo que está ben. Na literatura nada é natural, todo é elaboración mais, de todas maneiras, esas características responden a unha forma natural de comunicación que vou perfilando ao longo dos anos.